

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

20376 *Lei 23/2009, do 18 de decembro, de modificación da Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos fondos de compensación interterritorial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No texto remitido polo Congreso dos Deputados do proxecto de lei pola cal se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, figuraba unha disposición adicional novena mediante a cal se modificaba a Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos fondos de compensación interterritorial, que foi introducida durante a súa tramitación na Comisión de Economía e Facenda daquela Cámara.

Sobre a base dos artigos 74.2 e 158.2 da Constitución española, os procedementos legislativos habidos ata agora de aprobación ou modificación das leis que regulan o Fondo de Compensación Interterritorial foron iniciados en todas as ocasións no Senado, o que se considera como unha especialidade fronte ao procedemento legislativo ordinario, así recollida tamén polo artigo 140 do Regulamento do Senado.

Para respectar este principio de especialidade, o Pleno do Senado, por proposta da Mesa da Cámara, co parecer favorable da Xunta de Voceiros, e por solicitude da Mesa e dos voceiros da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas, acordou desagregar a mencionada disposición adicional novena, de modo que, por un lado, se sometese ao Pleno polo trámite ordinario o ditame da dita comisión sobre o proxecto de lei pola cal se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, e por outro, se tramitase como proposición de lei diferenciada do contido da citada disposición adicional, en aplicación da mesma técnica que se utiliza no Congreso dos Deputados cando o Senado introduce emendas de contido orgánico dentro dos proxectos de lei ordinarios.

Artigo único.

Engádesse unha nova letra c) ao artigo 2.1 da Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos fondos de compensación interterritorial, co seguinte contido:

«2.1.c) Adicionalmente, co 1 por cento da cantidade determinada na letra a) anterior, sendo esta última porcentaxe a cantidade que se suma en función da variable “rexión ultraperiférica”.»

Disposición derradeira.

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2010.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ